

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE XUÑO DE 2022.

(Versión anonimizada (Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais))

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Francisco Javier Varela Tejedor

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día seis de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretario o Sr. secretario accidental do Concello, D. Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 2 DE XUÑO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 2 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 2 de xuño de 2022.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO E PROVISIÓN DE POSTOS “POLICÍA LOCAL (4 ACCESO LIBRE E 1 CONCURSO)”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 3 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00KL), relativa á aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo e provisión de postos “Policía local (4 acceso libre e 1 concurso)”, que transcrita di:

“PROPOSTA - Convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo e provisión de postos “Policía local (Acceso libre e concurso)”

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019 (BOP núm. 246 do 27 de decembro de 2019) e a complementaria aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2020 (BOP núm. 224 do 30 de decembro de 2020); na Oferta de emprego público para o ano 2020 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2020 (BOP núm. 224 do 30 de decembro de 2020) e

na Oferta de emprego público para o ano 2021 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do día 9 de decembro de 2021 (BOP núm. 242 do 22 de decembro de 2021), aprobou as Ofertas de Emprego Público deste concello para os anos 2019, 2020 e 2021. En ditas ofertas figuran, entre outras, 5 prazas de policía local.

A presente convocatoria rexeráse polas Bases xerais para a selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 65 do 05 de abril de 2017, e polas seguintes Bases específicas da convocatoria elaboradas con adecuación á normativa vixente.

Por resolución do alcalde-presidente do día 18 de xuño de 2019 acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo e provisión de postos "*Policía local (4 acceso libre e 1 concurso)*", de acordo co seguinte:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE CINCO PRAZAS DE POLICIA LOCAL, ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE POLICÍA LOCAL PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, POLO PROCEDIMENTO DE ACCESO LIBRE E CONCURSO DO CONCELLO DE CULLEREDO

CONVOCATORIA

As prazas obxecto desta convocatoria están incluídas nas Ofertas de emprego público para o ano 2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019 (BOP núm. 246 do 27 de decembro de 2019) e a complementaria aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2020 (BOP núm. 224 do 30 de decembro de 2020); na Oferta de emprego público para o ano 2020 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2020 (BOP núm. 224 do 30 de decembro de 2020) e na Oferta de emprego público para o ano 2021 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do día 9 de decembro de 2021 (BOP núm. 242 do 22 de decembro de 2021), de acordo co seguinte detalle:

Praza	Grupo/Categoría	Total
1. Funcionarios propios		
1.1. Escala: administración especial – subescala servizos especiais		
Acceso libre		
Policía	C1	4
Concurso		
Policía local	C1	1

A presente convocatoria rexeráse polas seguintes bases específicas e, polas *Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017* e publicadas no BOP núm. 65 do 05 de abril de 2017.

As principais funcións con carácter enunciativo e non limitativo, serán:

- Protexer as autoridades das corporacións locais e vivir ou custodiar os seus edificios e instalacións.
- Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no solo urbano legalmente delegitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade vial.

- Instruír atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do solo urbano legalmente delimitado.
- Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
- Participar nas funcións da policía xudicial, na forma establecida na normativa vixente.
- A prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, en canto á execución dos plans de protección civil.
- Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar comisión de actos delituosos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
- Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexa requiridos para iso.
- Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

1. NORMAS XERAIS.

1.1. É obxecto das presentes bases específicas, a regulación do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de 4 prazas de policía (persoal funcionario de carreira) pola quenda de oposición libre e 1 praza de mobilidade polo proceso de provisión de postos, todas elas pertencentes ao grupo C1 e correspondentes as Ofertas de emprego público para o ano 2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019 (BOP núm. 246 do 27 de decembro de 2019) e a complementaria aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2020 (BOP núm. 224 do 30 de decembro de 2020); na Oferta de emprego público para o ano 2020 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2020 (BOP núm. 224 do 30 de decembro de 2020) e na Oferta de emprego público para o ano 2021 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do día 9 de decembro de 2021 (BOP núm. 242 do 22 de decembro de 2021).

As prazas non cubertas pola quenda de concurso serán acumuladas á quenda de oposición libre.

1.2. As presentes bases específicas rexeirán, xunto coas *Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo* aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 e publicadas no BOP número 65 do 5 de abril de 2017 e para o non previsto observarse o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve; na Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, a selección para cubrir as seguintes prazas vacantes de funcionario/a de carreira:

- Relación servizo: funcionario/a
- Escala: administración especial
- Subescala: servizos especiais
- Grupo titulación: C1
- Número de prazas: 5

2. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

2.1. As persoas interesadas en participar neste proceso, na quenda de oposición libre, deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Ter feitos os dezaioito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima establecida no artigo 56.1.c) do Real decreto legislativo 5/2015.
- c) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros, no caso dos homes, e 1,60 metros, no caso das mulleres.
- d) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico ou equivalente. Así mesmo, observárase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar a súa homologación ou recoñecemento do título para os efectos profesionais.

- e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.

f) Non ter sido condenado/a por delito doloso nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos.

- h) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias dos corpos da policía local.

2.2. As persoas interesadas en participar neste proceso, na quenda de concurso, deberán poseer na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

- a) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría da praza ofertada.
- b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na mesma categoría.
- c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
- d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- e) Estar en posesión da titulación académica esixida para a categoría ou estar en condicións de obtela.

3. INSTANCIAS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

3.1. As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo e/ou no proceso de provisión de postos dirixiranse á Alcaldía-Presidencia. Presentaranse no rexistro xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado, ou na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

C.I.F. P-1503100-H

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), toda vez se teñan publicadas as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e anuncio de convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Complementariamente, as bases publicaranse na web municipal aos meros efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, os /as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre ao día de expiración do prazo de presentación.

3.2. A participación neste proceso de selección é voluntaria e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

3.2.1. A instancia para a quenda de oposición libre acompañarase, inescusablemente, da seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade (no seu defecto, resgardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- Titulación requirida.
- Xustificante que acredite a posesión dos permisos de conducir das clases A2 e B.
- Certificado de inexistencia de antecedentes penais.
- Xustificante de ingreso das taxas por dereitos de exame. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.
- Declaración responsable de portar armas e, de ser o caso, de chegar a utilizalas e de que non está inhabilitado/a ou en situación equivalente nin foi sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público, conforme o modelo que figura como anexo IV desta convocatoria.
- Certificado/informe médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba de oposición.

3.2.2. Para poder ser admitido no proceso de provisión de postos polo sistema de concurso, deberá achegarse á instancia a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría.
- Xustificante do pago da taxa de dereitos de exame.
- Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

3.3. Pagamento taxa dereitos exame. O importe a pagar de acordo co número 2.1.6 das Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo, será 63,85 € (Ordenanza fiscal número 13).

As contas bancarias para efectuar o pagamento serán as seguintes:

ABANCA IBAN: ES79 2080 0065 3731 1000 0020

BBVA IBAN: ES60 0182 6244 4002 0015 0284

CAIXABANK IBAN: ES26 2100 3868 0702 0000 3793

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

4.1. Lista provisional. Expirado o prazo de presentación de instancias o alcalde-presidente ou concelleiro/ delegado/a ditará, no prazo dun mes, resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Indicarase así mesmo, os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es)

4.2. Prazo de reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida.

4.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde-presidente ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Na mesma resolución establecerase o lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.culleredo.es).

4.4. Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración de probas restantes, así como a listaxe dos/as aspirantes aprobados/as en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e web municipal.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. Na resolución de aprobación da listaxe definitiva, determinarase nominativamente a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, para xeral coñecemento, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, así como garantindo a competencia técnica e o principio de especialidade, o nivel de titulación igual ou superior ao esixido nesta convocatoria e a paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: persoal funcionario de carreira do Concello de Culleredo ou doutra administración local (titular e suplente).

- Secretaria/o: persoal funcionario de carreira do Concello de Culleredo ou doutra administración local (titular e suplente).

- Vogais: tres vogais funcionarios/as de carreira do Concello de Culleredo ou doutra administración local (titulares e suplentes).

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Academia Galega de Seguridade Pública, correspóndelle ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a

6 de 37

cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso selectivo, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas na orde do correcto desenvolvemento das probas selectivas e resolución de incidencias.

O tribunal poderá dispor da incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os que actuarán con voz e sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

A persoa titular da presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

5.3. Publicarase no BOP a resolución correspondente pola cal se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

5.4. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/da presidente/a e do/da secretario/a, titular ou suplente.

5.5. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas e propostas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto nas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

5.6. Os acordos adoptados polo tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou norma que a substitúa.

5.7. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.8. No proceso de provisión de postos o tribunal actuará como órgano de valoración dos méritos, realizando a proposta de adxudicación.

6. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO PARA A QUENDA DE OPOSICIÓN LIBRE

6.1. O sistema de selección será o de oposición por quenda libre e constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non tivesen alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un deles.

6.2. A orde de actuación dos/das opositores/as naqueles exercicios ou probas que non poidan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido coincida coa letra que resulte do sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario.

6.3. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

C.I.F. P-1503100-H

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade. Non obstante, os exercicios da fase de oposición realizaranse con código de anonimato.

6.4. De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, as persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento, calquera que fora a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a seguir.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas cales conorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería adiarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só o resto das probas.

En calquera caso, daráselles por superado o proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que obtivesen una puntuación final que non poida ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas adiadas, polas aspirantes que se acollesan ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando coa comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

C.I.F. P-1503100-H

En ningún caso as probas de recoñecemento médico considerarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias, que achegará coa comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

6.5. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria. Queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constituirá causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza destes.

6.6. Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de realización dos exercicios publicaranse no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Culleredo, cunha antelación que posibilite que dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

6.7. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anulase algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web do Concello de Culleredo.

Neste suposto, e no caso que se tivesen realizado, serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

6.8. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede do Concello de Culleredo e na súa páxina web, podendo publicarse nome e apelidos parciais ou DNI parcial ou código de anonimato dos/as aspirantes presentados/as.

Como norma xeral, establecerase un prazo de cinco días hábiles, contados dende a data de publicidade das cualificacións dos distintos exercicios, para solicitar revisión de exames realizados ou para presentar reclamacións sobre cualificacións outorgadas polo tribunal. Todo isto sen prexuízo do establecido legalmente na base final sobre

impugnacións das actuacións do tribunal e sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, agás que o tribunal así o considere para maior seguridade xurídica do procedemento.

Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos/as.

Coa finalidade de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal deberá cualificar os exercicios dos/as aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria e, nos supostos de desenvolver os mesmos, deberá acreditar o coñecemento destes por parte dos/as aspirantes con carácter previo á realización dos exercicios.

6.9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, logo de audiencia do/da interesado/a, deberá propoñer a súa exclusión ao Sr. Alcalde-presidente, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas para que se lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, suporá a súa exclusión do proceso selectivo.

6.10. A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso selectivo virá determinada pola puntuación do primeiro exercicio.

Tendo en conta que nos corpos da Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.
- Menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos.
- Menor tempo acadado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.
- En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicada

7. PROCESO SELECTIVO QUENDA DE OPOSICIÓN LIBRE:

O proceso selectivo constará das seguintes fases:

- Oposición
- Curso selectivo

7.1. Primeiro exercicio: proba de avaliación dos coñecementos.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán amosar o dominio dos contidos do temario que figura como anexo I destas bases específicas.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento de publicación no BOP desta convocatoria contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. Esta mesma data terase en conta, igualmente, para todos aqueles datos do temario que se poidan valorar.

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes. O tribunal excluírá a aqueles/as candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a. Cando finalice entregaráse a cada aspirante a folia autocopiativa do seu exame. O cadro coas respostas correctas publicárase no mesmo lugar en que se realizou e no portal web do Concello.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e a valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás cales corresponden os resultados obtidos.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos e será preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/10$$

Onde N= nota final da proba; A= cuestións acertadas; F= cuestións erradas ou non contestadas.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

7.2. Segundo exercicio: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

Realizarase a continuación da proba de coñecementos e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de ter lugar a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes que estivesen en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), estarán exentos da realización desta proba.

7.3. Terceiro exercicio: probas de aptitude física.

Este terceiro exercicio consistirá na realización de todas as probas físicas que se indican a seguir:

1.- Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura das persoas aspirantes e quedarán eliminadas as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros, para os homes, e 1,60 metros, para as mulleres.

2. Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas 2.1, 2.4 e 2.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas 2.2 e 2.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

As persoas aspirantes entregaranlle ao tribunal un informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluíra as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación, que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba que se vai executar. En todas as probas se deberá empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

2.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

A persoa aspirante colocárase na pista no lugar sinalado e poderá realizar a saída de pé ou agachada, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7.40".

Mulleres: 8.20".

2.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

2.2.1. Flexións de brazos:

Realizarase nun ximnasio ou nun campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núa, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

